



BOP

SÁBADO, 16 DE XANEIRO DE 2021

N.º 012

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 08/01/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2021 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/03/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0045

BURELA*Anuncio***EXPTE. 1613/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO**

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal num. 12 reguladora taxa por prestación do servizo de sumidoiro.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0046

*Anuncio***EXPTE. 1614/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DOS CONTADORES**

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal num. 15 reguladora da taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización dos contadores.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0047

*Anuncio***EXPTE. 2225/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 22 TAXA POLA CELEBRACIÓN DE VODAS CIVÍS**

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente derogar a Ordenanza Fiscal núm. 22 taxa pola celebración de vodas civís.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0048

*Anuncio***EXPTE. 2236/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 13 POR RODAXE E ARRASTRE DE VEHÍCULOS QUE NON SE ENCONTREN GRAVADOS CO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente derogar a Ordenanza Fiscal núm. 13 por rodaxe e arrastre de vehículos que non se encontren gravados co imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0049

Anuncio

EXPTE. 2245/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0050

Anuncio

EXPTE. 2246/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0051

Anuncio

EXPTE. 2264/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18 DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal número 18 da taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, para a suspensión de forma temporal da aplicación da presente ordenanza.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0052

Anuncio

EXPTE. 2265/2020.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 2 TAXA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN DE RECREO SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICO.

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 2 taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, para a suspensión de forma temporal da aplicación da presente ordenanza.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinado e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0053

FRIOL

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día once de xaneiro do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2020:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Así mesmo prestouse aprobación ao padrón da taxa pola rede de sumidoiro do ano 2020.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de febreiro e o quince de abril de dous mil vinte e un, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de marzo de dous mil vinte e un, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da

auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 12 de xaneiro de 2021.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0054

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 12 de xaneiro de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de decembro de 2020.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 12 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0055

OUIROL

Anuncio

Por acordo do Pleno do concello de Ouiról en sesión ordinaria celebrada o día oito de xaneiro de dous mil vinte e un, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación do vehículo marca Nissan, matrícula 9603 CYF, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello de Ouiról.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas.

Ouiról, doce de xaneiro de dous mil vinte e un.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0056

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2021

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2021 por acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 09 de decembro de 2020, en cumprimento do disposto no art. 169.3º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende no estado de gastos e no de ingresos a un millón novecientos setenta mil euros (1.970.000,00 €), correspondendo a cada capítulo, as cantidades que a continuación se expresan co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS	ANO 2021
RESUMO POR CAPÍTULOS	

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
a) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	483.998,51
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	761.560,00
3	GASTOS FINANCEIROS	2.250,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	76.088,31
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
b) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	INVESTIMENTOS REAIS	625.887,12
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
c) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	20.216,06
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		1.970.000,00

ESTADO DE INGRESOS		ANO 2021
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	827.694,23
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	34.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	148.682,65
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	714.793,96
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	13.177,12
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	231.652,04
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		1.970.000,00

De forma conxunta aprobáronse as bases de execución e o **cadro de persoal** que se reproduce a continuación:

A) Funcionarios de carreira:

A.1.) Funcionarios con habilitación de carácter nacional:

- Secretaría-Intervención, grupo A e nivel 26.

A.2.) Escala de Administración Xeral:

Subescala Administrativa:

- Administrativo (2),

Grupo C1 e nivel 22 (1)

Grupo C1 e nivel 20 (1)

Subescala Auxiliar:

- Auxiliar Administrativo (1), grupo C2 e nivel 18

A.3) Escala de Administración Xeral:

Subescala de Servizos Especiais:

- Arquitecto/a, grupo A1 e nivel 24

- Operario de servizos múltiples (2), grupo C2 e nivel 14

- Operarios de servizos múltiples (1), grupo E e nivel 14

B) Persoal laboral temporal:

Tres (3) peóns Programa Depuemprego (nove meses xornada completa)

Un (1) peón Aprod Rural (3 meses xornada completa)

Unha (1) Traballadora Social (doce meses xornada completa)

Tres (3) Auxiliar Axuda a Domicilio (doce meses xornada completa)

Unha (1) Auxiliar Información Xuvenil (doce meses xornada parcial)

Unha (1) Secretaría Xulgado de Paz (doce meses xornada completa)

Dous (2) Socorristas (dous meses xornada completa)

Subvencións con asignación nominativa no Orzamento:

- ADESPA.....	4.200,00 €
- ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA.....	2.500,00 €
- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS C.E.I.P SAN MIGUEL.....	1.000,00 €
- ASOCIACIÓN "O CARRUAL".....	1.000,00 €
- ASOCIACIÓN VECIÑAL DE VILARAGUNTE.....	1.000,00 €
- ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI DE LEMOS.....	1.000,00 €
- BANDA DE MÚSICA DE PARADELA.....	3.000,00 €
- C.E.I.P. SAN MIGUEL DE PARADELA.....	1.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS CASTRO DE REI DE LEMOS.....	2.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓNS FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES PARROQUIAS DO MUNICIPIO, 60 € por Parroquia.....	300,00 €
- FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.....	500,00 €
- MOTOCLUBE OS MOUCHOS.....	1.000,00 €
- SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA.....	7.000,00 €

Paradela, 13 de xaneiro de 2021.-O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 0062

RIBADEO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 8 de xaneiro de 2021 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **setembro-outubro de 2020**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 90 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P. (segundo o Decreto de Alcaldía 2020-0177 de data 03/04/2020 referente aos efectos nos tributos e outros ingresos públicos debido ao Covid-19).

Ribadeo, 8 de xaneiro de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0057